

UNIDADE 1: O MAR

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co mar: *Un barquiño pequechiño*.
Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

Afianzamento do pulso por medio de cancións.
Elementos do son: intensidade.
Figuras rítmicas sinxelas: negra, corchea e silencio de negra.
As notas mi e sol, a súa colocación no pentagrama. Plicas.
Ritmogramas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de pequena percusión.
Instrumentar cancións.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Divertimento: debuxar e colorear.
Coreografías.
Adiviñas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Traballa-la lateralidade, o pulso, o movemento.
- Bailar.
- Recoñece-las principais figuras rítmicas: negra, corchea e silencio de negra.
- Ubicación das notas mi e sol no pentagrama.
- Instrumentar con ritmos sinxelos.
- Clasifica-los instrumentos segundo o material.
- Dramatizar.
- Relaciona-la plástica coa música.

PROCEDEMENTOS

- Ensinámo-la canción por frases acompañadas de xestos.
- Practican o pulso figurando ser un reloxo.
- Montamos unha pequena coreografía coa canción da unidade de maneira sinxela.
- Acompañamos con instrumentos de percusión as diferentes cancións.
- Relacionamos obxectos, tendo en conta o seu tamaño, coas intensidades forte e suave, e coas figuras rítmicas.
- Mostrámo-la ubicación das notas sol e mi no pentagrama.
- escoitar sons de instrumentos e clasificalos por familias.

ACTITUDES

- Atende-las explicacións do/a profesor/a.
- Cantar amosando interese e sen chegar a forza-la voz.
- Realiza-las diversas fichas con pulcritude.
- Bailar con disciplina e liberdade.
- Ser capaz de memorizar cancións ou pequenas rimas.
- Ser coidadoso cos instrumentos.
- Toca-los instrumentos con interese e logrando amosar unha técnica acorde coa súa idade.

UNIDADE 2: O CORPO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co corpo: *Pim-Pom*.

Repaso das cancións do curso anterior relacionadas co tema da unidade.

Outras cancións.

Dramatización

Dramatización: dramatizar con xestos as cancións.

Conto musical.

LINGUAXE MUSICAL

Percusións corporais.

Xogos melódicos.

Repaso de figuras rítmicas. A súa distribución en compases.

Notas sol e mi.

Acento.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.

OUTRAS ACTIVIDADES

Divertimento: colorear e recortar.

Adiviñas.

Debuxar instrumentos.

OBXECTIVOS

- Relacionar cancións con xestos.
- Entoa-las diversas cancións tendo en conta a gravación e a voz do profesor.
- Sinalar partes do corpo e relacionalas co son que emiten.
- Distribuír negras e corcheas e silencio de negra en compás binario.
- Saber diferencia-lo mi e o sol.
- Coñecer posibilidades sonoras do corpo.

PROCEDEMENTOS

- escoitámo-la canción do corpo e despois cantámola.
- Dramatizamos mediante xestos as cancións.
- Poñemos sons do corpo e recoñecémolos.
- Diferencian os sons en altura, colocándoos no pentagrama.
- Colocan figuras rítmicas en vagóns de dúas prazas.
- Poñémo-los sons que producen os instrumentos de percusión e identificámolos.
- Busca-la sílaba tónica nas palabras e face-la equivalencia co acento musical, percutindo máis forte.

ACTITUDES

- Entoar con interese e sen forza-la voz.
- Realiza-las fichas con pulcritude.
- escoita-las audicións en silencio e demostrando interese.
- Dramatiza-las cancións con xestos naturais.
- Cantar sen forza-la voz.

UNIDADE 3: OS ALIMENTOS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *Arroz con chícharos*.
Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

Ritmogramas.
Situación das notas nas liñas e nos espazos.
Silabeo con palmas.
Escritura no pentagrama.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

A batería.
Instrumentacións.

OBXECTIVOS

- Relacionar cancións con xestos.
- Entoar.
- Traballa-lo pulso e o acento.
- Improvisación de pequenas cancións con dous sons.
- Asimilación de compás e liña divisoria.
- Silabear alimentos e palmealos.
- Tocar con instrumentos de percusión.
- Identifica-los elementos dunha batería.
- Bailar.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-las cancións seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Recorremos ós xestos para acompañar-las cancións.
- Diferenciámo-los sons en altura.
- Levámo-lo pulso con pequena percusión.
- Escribimos sons en compás de dous por negra no pentagrama.
- Poñerlles audicións de sons e que identifiquen o timbre.
- Montar unha coreografía coa canción.
- Tocar ostinatos percusivos cos instrumentos.

ACTITUDES

- Entoar con interese e sen forza-la voz.
- Realiza-las diversas fichas con orde e pulcritude.
- Toca-los instrumentos con disciplina e coidado.
- Memoriza-las cancións ou pequenas rimas.

UNIDADE 4: O OUTONO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *O vento toleirón*.

Outras cancións: *Canon*.

LINGUAXE MUSICAL

O acento.

Silabeo con palmada.

Situación das notas nas liñas e nos espazos. Notas: mi, sol e la.

Ritmogramas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos da familia de corda punteada.

Pasatempo con instrumentos.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Audición.

Trabalinguas, rimas e adiviñas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Relacionar canción con xestos.
- Traballa-lo pulso e o acento.
- Instrumentar con pequena percusión.
- Memorización de pequenos textos.
- Coloca-los sons traballados na unidade no pentagrama. Coñece-la nota la.
- Recoñece-las guitarras como instrumentos da familia de corda punteada.
- Cantar en canon.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Dramatizamos con xestos as cancións.
- Acompañan as cancións con pequena percusión.
- Utilizámo-la palmada forte para a comprensión do acento.
- Relacionámo-las figuras rítmicas negra e corchea coas sílabas rítmicas ta e ti-ti.
- Visualizamos e observámo-los dous tipos de guitarras.

ACTITUDES

- Entoar con interese e sen forza-la voz.
- Realiza-las fichas con pulcritude e orde.
- Dramatiza-las cancións con xestos naturais.
- Toca-los instrumentos con coidado e disciplina.

UNIDADE 5: O NADAL

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Panxoliñas galegas e doutras comunidades: *Tan, tan*.

Outras panxoliñas

Dramatización

Cantar con xestos a panxoliña.

Conto musical.

LINGUAXE MUSICAL

Altura dos sons.

Rimas.

Escribir no pentagrama

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Clasificar instrumentos de diversas familias.

Instrumentar con percusión.

OUTRAS ACTIVIDADES

Divertimentos: completar un belén.

Facer debuxos sobre unha panxoliña.

Trabalinguas e adiviñas.

Recortable.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Coñecer diversas panxoliñas doutros lugares.
- Dramatizar un conto musical.
- Colocar unha sinxela melodía no pentagrama.
- Clasifica-los instrumentos en familias.
- Xogar coa rima.
- Instrumentar.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos varias panxoliñas seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Representamos un conto do nadal no que se cante e baile.
- Comparámo-lo noso folclore co doutras comunidades.
- Distribuí-los diversos instrumentos segundo a súa familia cun recortable.

ACTITUDES

- Cantar sen forza-la voz.
- Demostrar ilusión na dramatización do Nadal.
- Realiza-las fichas con pulcritude.

UNIDADE 6: A FAMILIA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *Eu perdín o mi*.
Entoar sons sinxelos.

LINGUAXE MUSICAL

Concepto de compás de dous por negra e de tres por negra.
Dictado rítmico e patróns melódicos.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos da familia de corda fretada.
Movemento e danza
Coreografía da canción.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Divertimentos: relacionar estilos de música.
Rimas e adiviñas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Relacionar cancións con xestos.
- Danzar de maneira sinxela.
- Comprensión do compás binario e do ternario.
- Captar sons e poñelos no pentagrama.
- Realizar pequenos dictados rítmicos.
- Distingui-los diferentes instrumentos da familia de corda fretada.
- Xogar coas notas.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Dramatizamos con xestos as cancións.
- Relacionamos vagóns de dúas prazas para compases de dous por negra e de tres prazas para compases de tres por negra.
- Entoamos coa voz ou tocando cun instrumento os sons mi, sol, la para o dictado melódico.
- Visualizámo-los instrumentos da familia de corda fretada e escoitámoslos.
- Identificar patróns melódicos.

ACTITUDES

- Entoar con interese e sen forza-la voz.
- Realiza-las fichas con pulcritude e orde.
- escoita-las audicións en silencio.
- Dramatiza-las cancións con xestos naturais.

UNIDADE 7: O INVERNO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *¡Que chova a cachón!*

LINGUAXE MUSICAL

Sons longos e curtos propios da unidade.

Plicas en negras e corcheas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

A rondalla.

Identificar sons de diversos instrumentos.

Repasar instrumentos de percusión.

Movementos e danza

Coreografías sobre a canción.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Divertimentos: coloreamos e completamos un moneco de neve.

Rimas e adiviñas.

Audición: *O inverno* de Vivaldi – *1º movemento*– (**Vivaldi**)

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Relacionar cancións con xestos.
- Danzar de maneira sinxela.
- Identificar sons longos e curtos relacionados coa unidade.
- Traballa-lo pulso e o acento.
- Instrumenta-las cancións.
- Poñer un ritmo a un texto.
- Colocar plicas a negras e corcheas.
- Diferencia-los sons polo seu timbre.
- Seguir unha audición con musicograma.
- Dramatizar.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-las cancións seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- escoitamos audicións de sons e identificámoslos polo seu timbre e pola súa duración.
- Instrumentámo-la canción combinando os instrumentos de percusión da familia de madeira e de metal.
- Recitámo-la rima con xestos e levando o pulso.
- Dramatizar unha audición.

ACTITUDES

- Canta-las cancións coas indicacións do/a profesor/a.
- Respecta-las quendas de intervención na instrumentación.
- Coida-los instrumentos e tocalos con delicadeza.
- escoitar con interese e en silencio as audicións.
- Dramatizar con soltura e interese.

UNIDADE 8: O ENTROIDO

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *Ani, Kuni*.
Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

A branca e o seu silencio.
Ritmos sinxelos coa nova figura e o seu silencio equivalente.
Movemento e danza
Coreografía sobre a canción.
Audición.
Audición e dramatización: *O león (C. Saint-Saëns)*

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Recoñece-los instrumentos polo son e forma de tocalos.
Piano.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Cosntrucción de instrumentos.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Memoriza-las cancións.
- Relaciona-los xestos co movemento e co pulso.
- Comprensión da branca e da negra e do seu silencio.
- Instrumenta-las cancións.
- Relacionar sons de instrumentos con animais.
- Dramatizar unha audición. Bailar.
- Seguir con musicograma.
- Construír maracas e decoralas.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Montamos unha pequena coreografía coa canción.
- Facemos xogos rítmicos que fomenten diversos aspectos como a atención, a escoita, o traballo co pulso e co acento.
- Dramatizamos con xestos as cancións.
- Relacionámo-la sílaba tu-u coa branca e o silencio da mesma con dous pulsos sen tocar ó cantar.
- Escoitamos audicións nas que relacionámo-los instrumentos cos animais.
- Construír maracas cun tubo de cartón e modelos de cartolina decorados.
- Desplázarse e tocar a ritmo de branca, negra e corchea.

ACTITUDES

- Entoar con moito coidado e sen xogar coa voz.
- Participar con interese e orde.
- Dramatizar demostrando as máximas posibilidades de cada un.
- Coida-los instrumentos e tocalos con delicadeza.

UNIDADE 9: OS ANIMAIS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *A galiña choca*.
Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

Sons segundo a súa altura.
Rimas e trabalinguas.
Xogo rítmico de onomatopeas de animais.
Dramatización
Conto musical.

OUTRAS ACTIVIDADES

Rimas e adiviñas
Divertimentos: completamos e coloreamos debuxos nos que se observen características dos animais.
Identificación de sons de animais.
Cancións-xogo.

OBXECTIVOS

- Aprende-las onomatopeas de animais.
- Aprender animais da granxa e outros.
- Aprende-las cancións con xestos.
- Diferencia-los sons relacionados co tema da unidade segundo a súa altura.
- Tocar con instrumentos nos contos musicais.
- Xogar co ritmo.

PROCEDEMENTOS

- Cantamos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Cantamos cancións con onomatopeas de animais.
- escoitamos audicións e clasificámo-los sons segundo o seu timbre e a súa altura.
- Acompañamos con instrumentos contos musicais levando o pulso e o acento.
- Dramatizamos con xestos as cancións.
- Facemos un xogo con imitacións de animais e utilizando as figuras traballadas ata o momento.
- Escribimos ritmos.

ACTITUDES

- Cantar sen forza-la voz.
- escoitar audicións con interese.
- Cubri-las fichas con pulcritude.
- Tocar con coidado e disciplina os instrumentos.
- Participar no conto con alegría e disciplina.

UNIDADE 10: OS TRANSPORTES

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade: *lupi ai*.
Entoar sons sinxelos

LINGUAXE MUSICAL

Pulso
Sons para identifica-lo seu timbre.
Completar ritmos e poñer liñas divisorias.
Entoar notas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de corda punteada: a arpa sinfónica.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.
Divertimentos: encrucillado; unir con números.
Rimas e adiviñas.
Movemento e danza
Coreografías sobre a canción da unidade.

OBXECTIVOS

Entoar.

- Dramatizar cancións e rimas.
- Bailar ó ritmo das cancións.
- Identifica-los sons segundo o seu timbre.
- Coloca-las liñas divisorias e completar ritmos.
- Recoñece-la arpa como instrumento de corda punteada.
- Segui-lo pulso mentres cantamos.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-las cancións seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- escoita-las audicións e clasifica-los sons segundo o seu timbre.
- Dramatizamos con xestos as cancións.
- Colocamos liñas divisorias e ritmos sinxelos.
- Visualizámo-la arpa e completámo-las súas partes.
- Escribi-lo nome das notas.
- Completa-lo ritmo dunha canción.

ACTITUDES

- Cantar sen forza-la voz.
- escoitar audicións con atención.
- Participar nas actividades propostas.
- Axudarse uns ós outros sen discriminacións.

UNIDADE 11: AS MÁQUINAS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade: *Twist, twist*.

Entoamos mi, fa, sol, la.

Outras cancións.

LINGUAXE MUSICAL

Identificamos sons da unidade segundo o seu timbre.

Notas mi, fa, sol, la.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de diversas familias: Clasificalos.

OUTRAS ACTIVIDADES

Divertimentos: Debuxar instrumentos de corda punteada e de corda fretada.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Traballa-las diversas máquinas.
- Dramatizar con xestos as cancións.
- Recoñece-la nota fa e escribirla no pentagrama.
- Identificar e clasificar instrumentos de diversas familias.
- Debuxar instrumentos.
- Bailar.

PROCEDEMENTOS

- escoitar un conto relacionado co tema.
- Cantamos seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Dramatizámo-las cancións con xestos.
- escoitamos audicións de sons da unidade e clasificámoslos segundo o seu timbre.
- Colocámo-la nota fa no seu sitio no pentagrama.
- Entoámo-la nota fa e relacionámola co resto das notas aprendidas.
- escoitamos audicións de instrumentos e clasificámoslos segundo a súa familia.
- Montar unha coreografía coa canción.

ACTITUDES

- Entoar procurando afina-la voz.
- Dramatizar con xestos naturais.
- Cubri-las fichas con pulcritude.
- Participar con interese e ilusión nas actividades de grupo.
- escoitar con atención e interese.

UNIDADE 12: A PRIMAVERA

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *A voda dos paxariños*.

Outras cancións

LINGUAXE MUSICAL

Ritmogramas.

Xogos rítmicos das estacións.

Notas: mi, fa, sol, la.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Clarinete e piano.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical

Divertimentos. Relacionar e completar: nomes de flores.

Rimas e adiviñas.

Bailar e dramatizar.

OBXECTIVOS

- Dramatiza-las cancións con xestos.
- Bailar por parellas.
- Traballar ritmos.
- Seguir unha audición polo musicograma.
- Coñece-lo son do clarinete e do piano.
- Coñece-los costumes do cuco.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-las canción seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Relacionamos animais e situacións propias da estación con figuras rítmicas.
- Utilizamos materiais de fácil acceso e manexo para a construción dun instrumento.
- Montar unha coreografía coa canción.
- Desprazarse no espacio.
- Falarlles dos costumes do cuco.
- Escribir ritmos.
- Identificar flores polo debuxo.

ACTITUDES

- Entoar con voz natural.
- Prestar atención ós ritmogramas.
- Participar amosando interese.
- escoita-las audicións con atención.

UNIDADE 13: AS PROFESÍONS

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade.

Identificar sons.

Audición

Audición: *Nun mercado persa* de **Ketelbey** (fragmento).

Identificar profesións polo son.

LINGUAXE MUSICAL

Pulso.

Nomes das notas e liñas divisorias.

Completar ritmos.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos da familia de corda percutida: O piano.

Instrumentar cancións.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Divertimentos: relacionámo-las onomatopeas coas profesións.

Dramatizar un mercado.

Rimas e adiviñas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Memoriza-las cancións.
- Dramatiza-las cancións con xestos.
- Identificar sons da unidade segundo o seu timbre.
- Recoñecer instrumentos da familia de corda fretada.
- escoitar unha audición e dramatizala.
- Recoñece-las notas no pentagrama e colocar liñas divisorias. Recoñece-lo piano como instrumento da familia da corda percutida.
- Facer onomatopeas rítmicas coas distintas profesións.
- Completar ritmos.
- Leva-lo pulso mentres cantamos.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-las cancións seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Poñemos audicións de sons da unidade para identificalos.
- Poñemos audicións para que o alumno se acostume a escoitar música clásica e dramatizala.
- Completamos compases con liñas divisorias e poñémo-lo nome das notas.
- Visualizámo-lo piano e completámo-las súas partes, escoitando o seu timbre.
- Completa-las figuras que faltan nunha canción.
- Leva-lo pulso cos debuxos mentres cantamos.

ACTITUDES

- Entoar con voz natural.
- Dramatizar con xestos dun xeito natural.
- escoitar en silencio as audicións.

- Traballamos e cubrímo-las fichas con pulcritude.
- Participar na clase con orde e interese.

UNIDADE 14: A PAZ

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas coa unidade: *Unha cura de amor*.

Outras cancións.

Audicións

Sons que producen tranquilidade e intranquilidade.

Afastadas terras de R. Schumann

LINGUAXE MUSICAL

Entoar notas.

Nomes das notas. A nota re.

Repasa-los silencios de negra e branca.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Divertimentos: trabalinguas e sopa de letras.

Rimas e adiviñas.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Identifica-los sons segundo o seu timbre e o estado de ánimo que nos producen.
- Danzar de xeito sinxelo.
- Identifica-la música cunha situación cotiá ou fantástica.
- Recoñece-lo re.
- Recoñece-los silencios.
- Entoa-las notas re, mi, fa, sol, la.
- Debuxa-lo que a música suxire.
- Escribir no pentagrama.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-la canción seguindo as directrices propostas polo/a profesor/a.
- escoitamos sons da unidade e recoñecémolos.
- Facemos un debuxo segundo o que nos suxira a música.
- Localizámo-lo re no pentagrama.
- Colocámo-los silencios no pentagrama.

ACTITUDES

- Cantar con voz afinada e sen forzar.
- Participar nas danzas con interese e sen discriminar ós/ás compañeiros/as.
- Realiza-las fichas con pulcritude e interese.
- Debuxar con interese.

UNIDADE 15: O VERÁN

CONTIDOS

EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Cancións relacionadas co tema da unidade: *A colle-lo trébole*.

Outras cancións.

Audicións.

Audición: *A Tempestade*.

LINGUAXE MUSICAL

Xogos e dictados rítmicos.

Nomes das notas.

EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos da familia de corda.

Divertimentos: Dados musicais.

OUTRAS ACTIVIDADES

Conto musical.

Rimas e adiviñas.

Coreografías.

Debuxar.

OBXECTIVOS

- Entoar.
- Danzar de xeito sinxelo e por parellas.
- Discriminar retrouso e estrofa.
- Identifica-la música cun fenómeno atmosférico: a tempestade.
- Inventar compases. Improvisar ritmos.
- Identificar ritmos.
- Recoñecer re, mi, fa, sol, la.
- Distribuí-los instrumentos segundo as familias traballadas.

PROCEDEMENTOS

- Cantámo-las canción seguindo as indicacións do/a profesor/a.
- Montamos unha pequena coreografía.
- Debuxamos unha tempestade.
- Completamos compases coas figuras rítmicas traballadas. Palmealos.
- Facemos un dictado rítmico.
- Completámo-lo nome das notas.
- Recortamos e pegámo-los diversos instrumentos da familia de corda.
- Xogamos co ritmo.
- Xogamos cos dados musicais.

ACTITUDES

- Entoar con voz natural.
- Demostrar interese.
- Cubri-las fichas con pulcritude.
- Bailar de forma natural.
- Xogar con disciplina e respecta-la quenda.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

PRIMEIRO TRIMESTRE

Canto en grupo.
Adaptación ó grupo.
Interese pola materia.
Interiorización do pulso.
Capacidade de comprensión no traballo escrito.
Sentido rítmico nas danzas e nas cancións.
Discriminación auditiva.
Capacidade de atención.

SEGUNDO TRIMESTRE

Canto en grupo.
Interiorización do pulso.
Participación nas actividades.
Capacidade de atención.
Sentido rítmico nas danzas e nas cancións.
Instrumentar pequenas cancións, danzas, rimas e contos.
Discriminación audio-perceptiva.
Dramatizar con expresividade.

TERCEIRO TRIMESTRE

Canto en grupo e individual.
Interiorización do pulso e do acento.
Escritura musical.
Destreza auditiva.
Sentido rítmico xeral.
Expresión e coñecemento instrumental
Actitude de interese e participación na materia.